# PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN MUSICAL primaria

## CEIP PIÑEIRIÑO

# 1.INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A expresión artística é connatural ás persoas desde a orixe dos tempos, xa fose considerada medio de comunicación, vía para descargar enerxías, actividade pracenteira, evasión ou instrumento para acadar o equilibrio interior, posibilidade de lograr unha aprendizaxe emocional ou forma de cuestionar o establecido.

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida privada e pública das persoas. As artes son imprescindibles no desenvolvemento expresivo individual e social e son parte esencial do patrimonio cultural. Con elas somos quen de darlle forma á nosa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción; con elas participamos en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construcción da identidade persoal e social, con elas conformamos a identidade nacional e con elas mantemos un diálogo aberto e constante coas outras culturas, proporcionando espazos de relación nos cales flúen experiencias, significados, emocións, sentimentos, ideas e pensamentos.

Na educación primaria, a área desenvolverá as capacidades básicas relacionadas coa percepción e interpretación das representacións musicais e plásticas e coa expresión de pensamentos, sentimentos e emocións; é dicir, desenvolverá a dimensión comunicativa dos procesos artísticos.

# 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.<br>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.<br>▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a | ▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | ▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. | Explora as calidades sonoras do corpo,instrumentos,obxectos e animais. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. | Identifica as calidades do son. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.1.3. Recoñece e | Identifica sons do contexto. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| | discriminación auditiva.<br>− Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.<br>▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.<br>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado. | | discrimina os sons do seu contexto. | | | | | |
| | | | ▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas. | Discrimina as calidades do son empregando unha aplicación informática . | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CD | 3º |
| | | | ▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís. | Identifica voz de home,muller e neno/a. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC | 3º |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais. | ▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. | ▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. | Mantén actitude de escoita e respecto. | 3,8% | Observación | ▪ CSC | 1º/2º/3º |
| ▪ j<br>▪ d<br>▪ o | ▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de | ▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. | ▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. | Coñece algún compositor e a súa obra. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| | culturas e de estilos diferentes.<br>▪ B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.<br>▪ B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público). | | ▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. | Coñece a función do director de orquestra,instrumentista e público. | 3,8% | Proba oral | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | 3º |
| ▪ j<br>▪ e | ▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.<br>▪ B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais. | ▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. | ▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. | Expresa os seus sentimentos logo de escoitar una audición.<br>. | 3,8% | Observación | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. | Emprega vocabulario básico musical. | 3,8% | Observación | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de | Cumpre as normas de comportamento. | 3,8% | Observación | ▪ CSC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| | | | comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais. | | | | | |
| ▪ j | ▪ B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.<br>▪ B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.<br>▪ B1.15. Forma musical: repetición e contraste.<br>▪ B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.<br>▪ B1.17. Pulso e acento. Compás binario. | ▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). | ▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. | Emprega a linguaxe musical básica. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. | Transcribe a linguaxe musical convencional. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC | 3º |
| | | | ▪ EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. | Realiza actividades musicais con aplicacións informáticas. | 3,8% | Proba oral | ▪ CD<br>▪ CCEC | 3º |
| ▪ j | ▪ B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda | ▪ B1.6. Recoñecer e clasificar algún | ▪ EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns | Identifica instrumentos e clasifica por familias. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| | e percusión. | instrumento por familias instrumentais. | instrumentos, e clasifícaos por familias. | | | | | |
| | | | BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | | |
| ▪ j | ▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.<br>▪ B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián. | ▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. | ▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. | Repite esquemas rítmicos. | 3,8% | Proba oral | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC | 2º/3º |
| | | | ▪ EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. | Realiza instrumento con material de refugallo. | 3,8% | Proba oral | ▪ CSC<br>▪ CAA | 3º |
| ▪ j | ▪ B2.3. Iniciación á frauta doce. O xilófono e o metalófono. | ▪ B2.2. Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula. | ▪ EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula. | Consegue tocar algún fragmento rítmico cos instrumentos da aula. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 3º |
| ▪ j<br>▪ k | ▪ B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.<br>▪ B2.5. Imitación de | ▪ B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio | ▪ EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. | Interpreta en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CSC | 1º,2º,3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| | fórmulas melódicas.<br>▪ B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono. | de cancións sinxelas e practicando a improvisación. | ▪ EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. | Realiza pequenas improvisacións melódicas. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 3º |
| | | | ▪ EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. | Respira axeitadamente. | 3,8% | Observación | ▪ CAA | 1º,2º,3º |
| | | | ▪ EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. | Repite esquemas rítmicos. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | 2º/3º |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.<br>▪ B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional<br>▪ B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. | ▪ B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | ▪ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. | Acompaña cancións con ritmos básicos. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT | 2º/3º |
| | | | ▪ EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. | Identifica a pregunta-resposta con motivos rítmicos. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC | 3º |
| | | | ▪ EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio | Le ritmos con brancas,negras e silencios . | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | 2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| | Colocación dalgunha nota no pentagrama.<br>▪ B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.<br>▪ B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.<br>▪ B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.<br>▪ B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta. | | de negra, engadindo a clave de sol. | | | | | |
| | | | ▪ EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. | Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de cancións. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 2º/3º |
| | | | ▪ EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. | Realizaa sonorización de situacións, relatos breves e imaxes. | 3,8% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 3º |
| | | | BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA | | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo. | ▪ B3.1. Realizar pequenas coreografías. | ▪ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. | Realiza sinxelas coreografías en grupo. | 3,8% | Observación | ▪ CCEC<br>▪ CSC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. | Relacionase adecuadamente cos compañeiros e compañeiras. | 3,8% | Observación | ▪ CSC | 1º/2º/3º |
| ▪ j<br>▪ o | ▪ B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.<br>▪ B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega.<br>▪ B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos | ▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. | ▪ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. | Realiza sinxelas coreografías en grupo. | 3,8% | Observación | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa | Ten coordinación nos desplazamentos.<br>. | 3,8% | Observación | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliaciónn | Competencias clave | Trimestre |
| | sonoros. | | música. | | | | | |
| | | | ▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | Expresa os seu sentimentos e emocións a través do corpo. | 3,8% | Observación | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |

| **ÁREA** | **EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)** | | **CURSO** | | | | | **CUARTO** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | **Peso** | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ d<br>▪ o | ▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.<br>▪ B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.<br>▪ B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br>▪ B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.<br>▪ B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas | ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas. | ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | Exprésase sobre o feito artístico musical. | 3,57% | Observación | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | Expresa abertamente os sentimentos nunha audición. Recoñece elementos da linguaxe musical en diferentes contextos. | 3,57% | Observación | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Respecta as normas de comportamento. | 3,57% | Observación | ▪ CSC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia. | Valora a música e danza galega. | 3,57% | Observación | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 1º/2º/3º |

CEIP O Piñeiriño

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | CUARTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | **Peso** | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións. | | | | | | | |
| ▪ j | ▪ B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.<br>▪ B1.7. Acento e pulso. | ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | Recoñece elementos da linguaxe musical en diferentes contextos. | 3,57% | Proba oral | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 2º/3º |
| ▪ j | ▪ B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).<br>▪ B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).<br>▪ B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4. | ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. | Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais. | 3,57% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | Distingue as cualidades do son a partir dunha audición. | 3,57% | Proba oral | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | Identifica os compases traballados. | 3,57% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT | 2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | CUARTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | **Peso** | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| ▪ j<br>▪ d<br>▪ o | ▪ B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).<br>▪ B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.<br>▪ B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas. | ▪ B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas. | ▪ EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | Identifica de xeito visual os instrumentos. | 3,57% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión. | Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión. | 3,57% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB1.4.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. | Procura información sobre a música e os instrumentos doutras culturas. | 3,57% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | 1º/2º/3º |
| ▪ j<br>▪ i | ▪ B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.<br>▪ B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical. | ▪ B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical. | ▪ EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. | Realiza un musicograma sinxelo. | 3,57% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 3º |
| | | | ▪ EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura. | Representa a estructura dunha peza musical. | 3,57% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | CUARTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | **Peso** | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | | | ▪ EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. | Representa os trazos da música escoitada. | 3,57% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 3º |
| | | | ▪ EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical. | Utiliza aplicacións informáticas para resalizar tarefas. | 3,57% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CD | 3º |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.<br>▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>▪ B2.3. Rexistro gravado da | ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Coñece elementos básicos da linguaxe musical,para a interpretación. | 3,57% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Traduce á linguaxe musical ritmos sinxelos. | 3,57% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 2º/3º |
| | | | ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais | Interpreta pezas vocais e instrumentais con e sen | 3,57% | Proba oral | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | CUARTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | **Peso** | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | interpretación feita e posterior análise e comentario.<br>▪ B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.<br>▪ B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.<br>▪ B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos. | | sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | acompañamento. | | | ▪ CAA<br>▪ CSC | |
| | | | ▪ EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar. | Amosa interese por mellorar. | 3,57% | Observación | ▪ CAA<br>▪ CSC | 1º/2º/3º |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.<br>▪ B2.8. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas. | ▪ B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal. | ▪ EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados. | Crea unha pezamusical sinxela de xeito individual ou en grupo. | 3,57% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 3º |
| | | | ▪ EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e | Respecta o traballo individual e colectivo. | 3,57% | Observación | ▪ CSC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | CUARTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | **Peso** | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | | | colectivo. | | | | | |
| ▪ j<br>▪ d | ▪ B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.<br>▪ B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos.<br>▪ B2.11. Invención e construción dun instrumento. | ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | ▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | Emprega instrumentos materiais, e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas. | 3,57% | Proba oral | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | 3º |
| | | | ▪ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. | Constrúe un instrumento. | 3,57% | Escala valoración | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | 3º |
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | | | | | | | | |
| ▪ j | ▪ B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.<br>▪ B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela. | ▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. | ▪ EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. | Utiliza o corpo como instrumentos para expresar emocións e como medio de interacción social. | 3,57% | Observación | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma | Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra | 3,57% | Escala valoración | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | CUARTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | **Peso** | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | | | interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. | musical de forma sinxela binaria e ternaria . | | | | |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ o | ▪ B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.<br>▪ B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | ▪ B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. | ▪ EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | Controla a postura e coordinación na interpretación de danzas. | 3,57% | Observación | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas. | 3,57% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | ▪ EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais<br>▪ galegas e doutras culturas. | Participa en danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | 3,57% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CSC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ e | B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.<br>B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto. | B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. | EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | Identifiaca,clasifica e describe utilizando vocabulario preciso das cualidades dos sons.<br>. | 4,16% | Observación | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA | 1º/2º/3º |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ o | B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.<br>B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.<br>B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, | B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais. | 4,16% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | 1º/2º/3º |
| | | | EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de | Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características. | 4,16% | Proba oral | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | nomeadamente a galega. | | referencia para as creacións propias. | | | | | |
| ▪ h<br>▪ a<br>▪ d | B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.<br>B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.<br>B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados. | B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. | EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Cumpre normas de comportamento nas representacións musicais e audicións. | 4,16% | Observación | ▪ CSC<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | Acepta as normas que regulan a propiedade intelectual. | 4,16% | Observación | ▪ CSC<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL | | | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ e<br>▪ k | B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz. | B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas | EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. | Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas. | 4,16% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | 2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | | posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ d/a | B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.<br>B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.<br>B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.<br>B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. | B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección. | EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. | Recoñece e clasifica agrupacións vocais e instrumentais. | 4,16% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 1º/2º/3º |
| | | | EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Interpreta unha partitura empregando correctamente a linuaxe musical. | 4,16% | Proba oral | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Escribe melodías e ritmos sinxelos.<br>. | 4,16% | Proba oral | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos | Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos | 4,16% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.<br>B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.<br>B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo. | | agrupamentos, con e sen acompañamento | agrupamentos sen acompañamento. | | | | |
| | | | EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. | Aprende cancións de diferentes culturas. | 4,16% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Amosa respecto hacia os traballos dos compañeiros e compañeiras. | 4,16% | Observación | ▪ CSC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | Analiza as interpretacións feitas e recoñece erros. | 4,16% | Proba oral | ▪ CAA | 1º/2º/3º |
| ▪ i<br>▪ j | B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais | B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, | EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, | Utiliza os medios de comunicación e internet para procurar información sobre compositores. | 4,16% | Proba oral | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CD | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | diversos.<br>B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.<br>B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.<br>B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias. | instrumentos e dispositivos electrónicos. | compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | | | | | |
| | | | EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. | Expón traballos realizados. | 4,16% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCL | 1º/2º/3º |
| | | | EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | 4,16% | Proba oral | ▪ CD<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | | | | | | | | |

CEIP O Piñeiriño

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ h/d<br>▪ o | B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.<br>B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.<br>B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.<br>B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.<br>B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto. | B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social. | EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | Utiliza o corpo para expresarse e relacionarse cos demais. | 4,16% | Observación | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | Controla a postura e coordinación na interpretación de danzas. | 4,16% | Observación | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | Identifica danzas de diferentes culturas. | 4,16% | Proba oral | ▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | Interpreta danzas tradicionais españolas ,interiorizando a importancia da súa continuidade. | 4,16% | Proba oral | ▪ CSC<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | | | | | | | | |
| | | | EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | Inventa coreografías de grupo. | 4,16% | Proba oral | ▪ CAA<br>▪ CCEC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | Valora o resultado das danzas e tenta corrixir erros. | 4,16% | Proba oral | ▪ CAA | 1º/2º/3º |
| | | | EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | Participa e amosa respecto nos traballos en grupo. | 4,16% | Observación | ▪ CAA<br>▪ CSC | 1º/2º/3º |
| | | | EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e | Colabora e respecta ao grupo. | 4,16% | Observación | ▪ CSC | 1º/2º/3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | | | | | SEXTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Estándares de aprendizaxe mínimos | Peso | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Trimestre |
| | | | colaboración con elas. | | | | | |

# 3.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA PRESENCIAL E NON PRESENCIAL:

A metodoloxía será activa baseada nunha formación musical integral na que o alumnado aprenda disfrutando e que a música pase a ser parte da súa vida.
É fundamental que os nenos e nenas non só aprendan unha disciplina senón que a música enriqueza a súa sensibilidade e coñecemento.
Algunhas actividades de 1º a 4º de Primaria realizaranse a través da aula virtual do centro e 5º e 6º a través da plataforma Eva edixgal.
Os aspectos básicos de traballo serán:

**Audicións:** de diversos estilos (infantil, clásica, jazz, pop, rock, ambiental, folk,tradicional…). Os obxectivos fundamentais son ter actitude de escoita, respecto e expresión das sensacións e sentimentos que provoca una peza musical.

**Práctica Instrumental:**a finalidade fundamental é a achega ao manexo e discriminación tímbrica dos instrumentos escolares comezando polo propio corpo, pola percusión corporal facendo esquemas rítmicos sinxelos e xogos de pregunta resposta e seguindo polos instrumentos de percusión de altura indeterminada e determinada.
A partir de 3º de primaria o alumnado comezará a interpretar partituras sinxelas con e sen acompañamento.

**Expresión corporal e movemento:** a meta fundamental deste punto éi que o alumnado utilice o corpo como instrumento para expresar emocións,sentimentos , como medio de interacción social e respecto ás normas de comportamento e traballo individual e colectivo.

**Linguaxe musical:** Reforzarase a grafía musical convencional, aumentando a cantidade de signos e dificultade tendo en conta a idade do alumnado.

**Entoación e ritmo:** O obxectivo fundamental deste punto é tentar cantar afiadamente de forma individual e en grupo e memorizar as letras das cancións.
Por suposto moitas destas melodías apoiadas en xestos e percusión corporal.

Dende a clase de música reforzáranse temas transversais e commemoracións.

**Creación musical:** O feito de contar con canón e ordenador na aula de música, facilita a acceso a recursos musicais dixitais. Así mesmo o alumnado participará na creación de letras de cancións e coreografías favorecendo así a súa creatividade musical.

# 4.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos didácticos serán os que en cada momento requiran os contidos a tratar.

- **Ordenador clase de música.**
- **Cadea musical con CD,amplificador e fío musical con conexión ao ordenador da clase.**
- **Material audiovisual.**
- **Internet.**
- **Instrumentos orff.**
- **Partituras**
- **Letras de cancións.**
- **Material de psicomotricidade: aros,cordas,picas....**

# 5.- PROCEDEMENTOS / INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua,global, formativa e integradora.

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos.

A avaliación continua terá carácter formativo e permitirá incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo o alumnado.

En Educación musical,a cualificación será decidida tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto da área.

Para recoller datos da evolución, progresos e logros do alumnado empregaranse diferentes procedementos.

- Escala de observación e rexistro persoal.

- Observación directa.
- Producións do alumnado.
- Probas orais.
- Escala de valoración de estándares de aprendizaxe e competencias básicas.

- Expresión musical.
- Participación nas actividades e coreografías.

# 6.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Seguindo a Orde do 23/11/2007 que regula a avaliación na educación primaria, ao comezo de cada curso e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao seu alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe.

Nesta avaliación inicial obteremos información sobre:

- O grao de desnvolvemento das competencias básicas.
- Informes persoais previos nos que consten dificultades atopadas polo alumno no proceso de aprendizaxe e medidas de atención ás diversidades adoptadas, problemas de saúde, asistencia a gabinetes externos...
- Información obtida das familias sobre circunstancias do medio sociofamiliar que podan influir no rendemento académico.
- Información sobre aqueles outros aspectos que condicionen a aprendizaxe como son os hábitos e métodos de traballo, grao de autonomía, motivación, adaptación ao grupo...

Esta información obtida na avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así coma adoptar medidas de apoio, reforzo ou recuperación que se consideren oportunas para cada caso. Farase constar no apartado correspondente do XADE e será recibida pola mestra especialista de Educación musical para que actúe en consecuencia.

# 7.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS

Unha das características básicas da educación musical é que é moi práctica polo tanto o reforzo levarase a cabo ao longo e na mesma clase coa finalidade de que todo o alumnado alcance os obxectivos do currículo correspondente ao seu nivel, que serán os mesmos que para o resto do grupo de referencia.

As medidas levadas a cabo consistirán en:

- Adaptación das actividades musicais ao nivel máis básico para que ditos alumnos poidan participar.
- Aumento da dificultade gradualmente ata conseguir a súa participación.
- Reforzar as actividades no caso de que fose necesario.

# 8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade debe ser entendida como un elemento enriquecedor do alumnado posto que desenvolve unha visión máis tolerante cara as diferenzas.

Así mesmo para a atención á diversidade seguiranse as pautas establecidas dende o Departamento de Orientación no plan de Atención á Diversidade.

Modalidades de atención:

- De tipo curricular: reforzo educativo e adaptación curricular .
- De tipo organizativo: Grupos flexibles para alumnado que descoñece os dous idiomas da nosa comunidade.
- De adaptación de competencia curricular: Agrupamentos flexibles coa finalidade do progreso na competencia curricular para o alumnado que presenta desfase curricular de dous ou máis cursos.

Os alumnos doutras culturas son alumnos integrados na área de edución artística,aínda que normalmente non traen nocións básicas previas, levan un ritmo similar ao grupo onde están integrados ata que poidan seguir as clases sen dificultade.

A sobredotación (acreditada mediante avaliación psicopedagóxica) require tarefas de maior dificultade en moitos casos só para eses alumnos. Nas partes orais búscase maior complexidade nas actividades para que resulten máis motivadoras para este tipo de alumnado.

## ADAPTACIÓN CURRICULAR

Estará dirixida ao alumnado que por diversas razóns non pode seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe e farase integrada na medida do posible nas accións educativas ordinarias do gupo de referencia.Para a elaboración dunha adaptación curricular seguiremos o procedemento establecido na orde correspondente, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

As medidas de actuación no caso de ser necesario elaborar unha adaptación curricular serán as seguintes:

- Solicitude de avaliación psicopedagóxica.
- Reunión entre xefatura de estudos-profesorado titor- resto do equipo docente-responsable de orientación,para acordar a necesidade da elaboración da adptación curricular e das áreas implicadas nela.
- Adaptación das áreas acordadas.
- Elaboración do corpo da adaptación curricular por parte do orientador ou orientadora.
- Información á familia. Nun documento quedará constancia dunha conformidade ante a proporción desta medida.
- Envío da adaptación curricular á inspección educativa para a súa aprobación.

# 9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este tipo de actividades programaranse con miras a completar os contidos traballados na aula e que servirán para asentalos.

As actividades complementarias e extraescolares de cada curso quedarán marcadas no PXA.

# 10.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Seguirase o establecido no proxecto lector do centro.

As accións que desenvolveremos nesta área son as seguintes:

- Utilizar diferentes tipos de lectura.
- Manexar diferentes tipos de textos: historia da música, ,libros de consulta....
- Ler en diferentes soportes.
- Participación en charlas ou debates.

A biblioteca servirá de axuda para buscar información polo que realizarán actividades de:

- Formación de usuarios para un desenvolvemento autónomo.
- Educación documental.
- Dinamización cultural.

# 11.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A área de educación musical préstase para o uso das novas tecnoloxías, usándoas coma unha ferramenta máis no proceso do ensino-aprendizaxe e que sirvan como vehículo de comunicación e acceso á información.

As principais accións TIC que se desenvolverán na primaria son as seguintes:

- Uso dos ordenadores para programas de apoio o currículo.
- Impulsar o uso das TIC para entender e expresarse a través delas.
- Coñecer recursos dixitais de fácil acceso,uso e manexo.

- Dar a coñecer traballos realizados na clase a través da páxina WEB do centro.
- Usar programas de composición musical.
- Utilización da Aula virtual no caso de educación non presencial.

# 12.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A través da área de educación musical trátase de conseguir aprender a convivir.
A convivencia deberá contribuir á formación integral do alumnado,en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto e solidaridade cara á participación responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflictos.
As accións máis destacables que desenvolveremos son as seguintes:

- Contribuir á formación integral do alumnado en sintonía cos principios arriba mencionados.
- Potenciar accións relativas á educación en valores, tendentes a mellorar a convivencia, cooperación e respecto.
- Mellorar os niveis de convivencia tentando previr a aparición de situacións de violencia.
- Conseguir a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que favorezan a súa adaptación e interacción co resto do alumnado e profesorado.
- Coñecer,comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Desenvolver unha actitude contraria a violencia, aos prexuíos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas ou culturais.

# 13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜISTICO

No contexto social e escolar a aprendizaxe da lingua é un factor fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado e a súa incorporación activa á sociedade.

As medidas que desenvolveremos dentro da área de educación musical será impartir a materia na lingua galega e desenvolver actividades de ampliación de vocabulario musical e expresión nas dúas linguas da comunidade.

# 14.- PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Valorarase tanto o proceso como o resultado desta programación didáctica, levando a cabo as melloras necesarias.
Os criterios a empregar para a súa valoración serán os seguintes:

- Desenvolvemento da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.
- Adecuación ao desarrollo das competencias básicas.